



CIRCULAR 102-2021.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO, SUB23 E SUB20 DE CAMPO A TRAVÉS POR EQUIPOS MASCULINO E FEMININO. CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS SUB 16 E SUB 18 INDIVIDUAL E POR EQUIPOS MASCULINO E FEMININO E CTO. XUNTA DE GALICIA DE RELEVOS ABS MIXTO.

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo e o Concello de Pontevedra xunto coa SGP, organizan o Campionato de Galicia Absoluto, Sub23 e Sub20 de campo a través por equipos masculino e feminino, Campionato de Galicia Sub 16 e Sub 18 individual e por equipos masculino e feminino e Campionato de Galicia de Relevos Absoluto Mixtos o 7 de novembro en Pontevedra no circuíto da illa das esculturas.

Art.2).- Para a clasificación por equipos utilizaranse as seguintes categorías: Abs (2001 e anteriores) Sub23 (1999, 2000 e 2001) e Sub20 (2002 e 2003) tanto en homes coma mulleres. Sub 18 (2004 e 2005) e Sub 16 (2006 e 2007).

Os/as atletas máster poderán participar como atletas da categoría sénior e formar equipo, a tódolos efectos.

Art.3).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2021) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.

Art.4).- Publicarase a clasificación dos equipos en cada unha das categorías, ademais da individual das categorías Sub 16 e Sub 18.

Para poder puntuar por equipos cada Club deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría e sexo cun máximo de 6 corredores. No caso de non presentarse na cámara de chamadas polo menos 4 integrantes dun equipo, dito equipo quedará excluído da competición non podendo saír a correr. (Excepto nas categorías Sub 18 e Sub 16 que participarán de forma individual).

O relevo mixto compoñerase de 2 homes e 2 mulleres; atletas Sub20 ou superiores, máximo 1 atleta estranxeiro, máximo 1 atleta do club filial. A orde de participación será: muller, home, muller e home. Cada corredor/a dará unha volta (aproximadamente 1.500m) ata completar o equipo un total 4 voltas.

No campionato de Galicia individual Sub 16 e Sub 18, poderá participar calquera atleta de club asociado de forma individual aínda que algún atleta do seu club participe polo club principal.



Art.5).- A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos/as atletas que compoñen os equipos con exclusión dos que non teñan polo menos a 4 atletas na saída. (unha de Sub 23 e outra de absolutos)
2. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
3. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados/as de cada equipo. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
4. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto/a atleta teña finalizado máis preto do gañador/a da proba.
5. Os atletas Sub23 poderán formar parte do equipo absoluto, no caso de facelo só o farán nesa categoría. Na inscrición deberá indicar no campo dorsal "absoluto" para que se puntúe nesta categoría.

*Para a clasificación terase en conta a normativa da RFEA en relación ós/ás atletas estranxeiros/as e os clubs asociados.

Art.7).- Horario provisional:

HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
10:00	Mixto	M-H	6000 aprox
10:30	Sub 16	M	2500 aprox
10:55	Sub 16	H	3000 aprox
11:20	Sub 18	M	3000 aprox
11:45	Sub 18	H	4000 aprox
12:10	Sub 20	M	4000 aprox
12:35	Sub 20	H	5000 aprox
13:00	Abs - Sub 23	M	6000 aprox
13:30	Abs - Sub 23	H	8000 aprox

Art.8).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

Art. 9).- O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces. Todas as reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art.10).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o luns 1 de novembro ás 20:00 horas. Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible de repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros. **Na inscrición será preciso reflexar no campo do dorsal a orde de saída dos atletas, sendo o número 1 o primeiro.**

***Saíndo os número 1 nas primeiras quendas, o 2 nas seguintes e así sucesivamente. Estando esta norma suxeita ao protocolo COVID19 da FGA vixente no momento da realización da competición.**

Art.11).- A orde de colocación dos equipos respectivos na saída establecerase por sorteo.



Art.12).- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición. Nas categorías que se compita exclusivamente por equipos, os equipos deberán entrar á vez con todos os seus integrantes.

Art.13).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas clasificados/a a nivel individual nas categorías sub 16 e sub 18 así como trofeos ós tres primeiros equipos clasificados en cada unha das categorías.

Art.14).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.15).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnic@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.16).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.17).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 25 de outubro de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo